

VIEIROS

Edición xeral

'Por conto alleo' descende ao papel

A colección de relatos participativos 'Por conto alleo' naceu a finais de 1999 en Vieiros, cando aínda alumeaba o vello século. Os nosos lectores e lectoras mandábadesslle ao escritor e xornalista ourensán [Camilo Franco](#) un par de palabras, coas que o narrador vos construía un conto, que saía publicado en Vieiros. Velaí os podedes [consultar todos](#). Foi a primeira experiencia de literatura participativa que se facía en Galicia, e tamén o primeiro libro de creación electrónica. Despois diso, en 2001, Camilo Franco desenvolveu o seu [Necesariamente X](#), onde o motivo de inspiración eran fotografías pornográficas enviadas tamén por vós. Agora 'Por conto alleo' salta ao papel da man de Galaxia, nun volume que inaugura a colección 'Illa nova', xunto con 'Accidental', de Manuel Darriba. [Ler 'Por conto alleo'](#).

- 13:08 09/06/2003

.